



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto:** Inicio do expediente de Contratación de obras de “Mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe”

**Expte. Admvo. Núm.** 2024/C003/000002

**Expte. Decreto Núm.** 2024/G003/000754

Á vista dos seguintes antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato

Providencia de alcaldía sobre inicio do expediente

Informe de Secretaría-Intervención

As características do contrato son as seguintes:

<b>Tipo de contrato:</b> OBRA	
<b>Obxecto do contrato:</b> Executar as obras de “Mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe”.	
<b>Procedemento de contratación:</b> PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO	<b>Tipo de Tramitación:</b> ORDINARIA
<b>Código CPV:</b> 45232410-9. Obras de saneamento.	
<b>Valor estimado do contrato:</b> 104.511,25 €	
<b>Orzamento base de licitación IVE excluído:</b> 104.511,25 €	<b>IVE%:</b> 21.947,36 €
<b>Orzamento base de licitación IVE incluído:</b> 126.458,61 €	
<b>Duración da execución:</b> 3 meses	

Visto o proxecto técnico que fai referencia ao obxecto deste contrato de obra, consistente na execución das obras de “Mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe”, redactado en outubro de 2022 por Dona Andrea Calvo Riveira (Nº de Colexiada: 36063) e Emilio Quintáns Pérez (Nº de Colexiado: 32520), ambos adscritos á empresa Imbolc It & Ambiental Solutions, SL, denominado “Mellora das redes de saneamento y pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe”, por importe de 104.511,25 €, máis 21.947,36 euros de IVE, facendo un total de 126.458,61 euros, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 711/2024 de data 02/10/2024.

Vistos os informes técnicos que constan no expediente en relación ao citado proxecto, de datas 24/10/2022, 12/12/2023 e 20/12/2023, emitidos por D. Jesús Manuel Mallo Puga, como técnico municipal, adscrito á empresa Átomo Estudio Técnico como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), nos que se informa en relación á existencia das autorización sectoriais do Servizo de Patrimonio Cultural (expte. 3041/22), da Dirección Xeral do Territorio e Urbanismo (expte. A-2022/236), de Portos de Galicia (clave: 12-21-23-O-2) e declaración responsable de Augas de Galicia; se informa que "*Trátase dunha obra completa, susceptible de uso ou aproveitamento separado e constitúe unha unidade funcional, de acordo co*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2027, de contratos do sector público”, e que o proxecto cumpre coa lexislación urbanística e de protección do medio rural así como o planeamento municipal en vigor. Así mesmo, informa que “Este investimento pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa”.

Vista que por Resolución de Alcaldía núm. 711/2024 de data 02/10/2024 se acorda non dividir en lotes o proxecto, tendo en conta o informe técnico de data 20/12/2023.

Á vista das características e do importe do contrato, propónse a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do artigo 159 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no que se empregarán criterios de adxudicación cuantificables automaticamente e criterios baseados en xuízos de valor.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Iniciar o expediente para a contratación descrita nos antecedentes mediante procedemento aberto simplificado.

**SEGUNDO.** Xustificar a celebración do contrato polos seguintes motivos:

A actuación que se pretende realizar consiste en executar as obras de mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe. As obras deste proxecto sitúanse no núcleo urbano do Concello de Laxe, concretamente, no entorno da Praza Ramón Juega e as rúas que a rodean, como son as rúas, Rúa do Río, Rúa da Xuventude, Rúa do Cantón, Rúa Sol e a propia Praza Ramón Juega, así como a Rúa Rosalía de Castro. O estado actual da rede de saneamento e pluviais nestas rúas é moi deficiente o que provoca importantes problemas de entrada en carga dos pozos, retroceso da auga e mesmo levantamento de tapas debido á gran acumulación que se produce nestes pozos.

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece no artigo 25.2 que "o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Subministro de auga potable no domicilio e evacuación e tratamento da auga residuos. d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade", polo que é preciso proceder á mellora da referida rede de saneamento e pluviais e licitar a contratación da dita obra.

**TERCEIRO.** Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

O proxecto de obra denominado “Mellora das redes de saneamento e pluviais na Praza Ramón Juega, no Concello de Laxe” redactado en outubro de 2022 por Dona Andrea Calvo Riveira (Nº de Colexiada: 36063) e Emilio Quintáns Pérez (Nº de Colexiado: 32520), ambos adscritos á empresa Imbolc It & Ambiental Solutions, SL, denominado “Mellora das



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

redes de saneamento y pluviais na Praza Ramón Xuega, no Concello de Laxe”, por importe de 104.511,25 €, máis 21.947,36 euros de IVE, facendo un total de 126.458,61 euros, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 711/2024 de data 02/10/2024, funcionará como prego de prescricións técnicas.

**CUARTO.** Que pola Intervención municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**QUINTO.** Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

**SEXTO.** Dar conta deste decreto no vindeiro Pleno Ordinario da Corporación que se celebre.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde D. Francisco Charlín Oróns, do que eu, como secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde,  
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,  
Asdo. Begoña Carrasco García